

A Ruta do Viño debe levar A Ulla polo mundo



Deus dálle pan a quen non ten dentes. Ou era carne. Xa non sei. A magoa é ter a man algo valioso e desprezalo. A Ulla é terra moi rica. Todos os que somos de alí ou temos algunha vinculación con esa zona sabémolo. Pero parece que a cousa queda na casa. Os de fóra non se enteiran, ou somos nós mesmos os que parece que non queremos que o saiban.

Non hai moito achegouse a Vedra a auditora da marca Rutas del Vino de España. A idea era a de implantar unha Ruta do Viño na subzona do Ulla. Sería outra máis, xa que no territorio da Denominación de Orixe Rías Baixas xa existe a do Salnés. Todos os factores estaban a favor. Había a experiencia daquela primeira ruta na zona de Cambados, a proximidade da Ulla con Santiago como un atractivo máis para o turismo que se achegará á cidade do Apóstolo no Xacobeo, a riqueza natural, a gastronomía, o carácter rural que cada vez escasea máis... Os ingredientes estaban, pero faltaba o cociñeiro.

Nesa primeira reunión había representantes municipais de Vedra e de ningún Concello máis, había casas de turismo rural de Vedra e de ningún sitio máis, había restaurantes de Vedra e de ningún sitio máis, había adegas de Vedra... e mais unha de Vila de Cruces. ¿Como se pode concebir que non houboese interese?

A Ruta do Viño é algo máis que un atractivo para o turismo. É a unión entre os negocios de toda a comarca. O do restaurante pode e debe recomendarlle ó seu cliente un viño da zona, a visita a un monumento ou mesmo unha casa rural próxima. E o da adega debe coñecer as peculiaridades de cada negocio do contorno para aconsellar os que visiten os seus viñedos. En definitiva, trátase de falar ben do veciño sen enganar a ninguén. E así, con ese tecido, ir creando unha zona que teña tirón pola calidade dos seus produtos. É doado. Hai que falar ben da nosa terra. Expresarlles ós demais o amor polo noso.

Chama a atención que finalmente a Ruta do Viño da Ulla arranque só no concello de Vedra. Os establecementos fundadores serán a Adega Valdés, de Santa Cruz de Ribadulla; a Adega Pazo de Galegos, de San Pedro de Vilanova; Augardentes de Galicia, de San Pedro de Sarandón; o pazo Cibrán, de San Xián de Sales; a Casa Suárez, de San Miguel de Sarandón; e o restaurante Villaverde, de Ponte Ulla. Non hai máis. E non hai máis porque ningún outro local e ningún artesán cumpre os requisitos.

O turismo enolóxico ten un nivel adquisitivo máis ben alto. Son verdadeiros amantes do viño que queren escudriñar entre viñas e pipos, disfrutar dun bo xantar, dar un paseo para mesturarse coa natureza e gozar cun caldo que saben onde nace e como se elabora.

Os primeiros pasos están dados. Hai establecementos dispostos a apostar por este novo xeito de facer turismo. O Concello de Vedra dispuxo das fotografías para elaborar un folleto que vai imprimir a Deputación coruñesa. Porque a promoción será importante para chamar polos turistas. pero o que vai ser fundamental será atendelos

ben para que esa publicidade do boca a boca faga desta terra un verxel para os afeccionados ó mundo do viño.

Os establecementos que xa están deben esforzarse por agradar, xa que van ser os abandeirados que representen á Ulla. Serán os responsables de que o nome de Vedra se poida asociar a unha calidade de vida de alto nivel.

Cacheiras coñécese porque hai alí quen fai tortillas, Barcala está sinalado por un bacallau exquisito, Lamela presume do churrasco... Non son produtos típicos. Foron hostaleiros que co seu labor levaron o nome desas vilas polo mundo adiante asociado ó bo xantar.

Esa é a responsabilidade dos que van estar nesta Ruta do Viño. Pero tiñan que ser máis. Os que non están pero queren incorporarse deben poñerse ó día para cumprir coas esixencias que Turespaña impón para poder estar incluídos na Ruta do Viño. Hai que pelexar por facer chegar ó mundo as excelencias da Ulla. Cantos máis sexan a demostrar que esta terra recibe os visitantes coas portas abertas e que ten cualidades e calidade dabondo, moito mellor. Vedra está aí. Só hai que descubri-la. E niso todos debemos poñer algo da nosa parte. Ou polo menos, algo máis do que puxemos ata agora.

Víctor Furelos

Xornalista